

**DECRETO**

**EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTA XC 7-2020) FINANCIAMENTO POR PARTE DA DIRECCIÓN XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO (2 TÉCNICOS DE DE ORIENTACIÓN LABORAL)**

Visto o expediente tramitado relativo ao compromiso firme de financiamento polo importe de 50.000,00 €, en base á Resolución da Dirección Xeral de Resolución da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, de data 26/06/2020, que obra no expediente, para a contratación de dous técnicos/as de orientación laboral por un período de 12 meses (importe total do gasto subvencionable é de 50.000,00 €, o coeficiente de financiamento 0,5626675 % se verificará ao final da execución efectiva e o importe da subvención é 50.000,00 €), propúxose a tramitación do correspondente expediente de crédito mediante a modalidade de xeración de crédito (dereitos recoñecidos e ingresos efectuados), e examinados os antecedentes obrantes no expediente:

- Resolución da Dirección Xeral de Orientación e promoción laboral, de data 26/06/2020 para a contratación de 2 persoas/s técnica/s de acordo coa seguinte desagregación:

Nº técnicos	Mantem./Nova contratación	Xornada	Localidade	Data de inicio	Duración	Importe subvención
2	Nova contratación	100%	Lugo	17/9/2020	12 meses	50.000,00 € (25.000,00 € cada técnico)

- Cálculos estimativos das retribucións, Seguridade Social e Indemnizacións relativos ao traballador a contratar polo Concello polo período dun ano por un importe total de **88.862,42 €**.

- Informe da Axencia de Desenvolvemento Local para a execución do proxecto "Contratación de persoal Técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2020, asinado polo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, don César Castiñeira Muiña, coa conformidade do Concelleiro Delegado de Desenvolvemento Local e Emprego, don Mauricio Victorio Repetto Morbán.

-Proposta da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, de data 30/07/2020 de iniciación do expediente de modificación de crédito, mediante a modalidade de xeración de crédito por mor da executividade dos recursos

**INTERVENCIÓN**

MVF/mjlc

Refª: ispac4391898988882322518.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 7-2020

afectados.

**ESTADO DE INGRESOS: Compromisos firmes de aportación da Xunta de Galicia**

Concepto	Código proxecto	Denominación	Importe
45050	192410003	Transf.Ctes. cumpr. Conv. C.A. Emprego e Desen	50.000,00 €

**ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base os compromisos firmes de aportacións anteriores.**

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Denominación	Importe
24100.12001	192410003	Soldos grupo A2	19.309,05 €
24100.13100	192410003	Complemento de destino	36.895,00 €
24100.16000	192410003	Seguridade social	13.105,00 €
		TOTAL	50.000,00 €

*A tal efecto e tendo en conta que o recurso proposto para financiar a presente modificación orzamentaria é o compromiso firme de aportación da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral (S1511001H) que obra no expediente, de data 26/6/2020 por importe de 50.000,00 € (Código de proxecto 192410003)*

Tendo en conta igualmente que o actual expediente de Modificación de créditos aparece nivelado no seus Estados de Gastos e Ingresos, conforme queda indicado.

-Informe favorable da Intervención Xeral Municipal Ref. 2020/578 do 31/07/2020.

Vistos os antecedentes anteriores, considerando o disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado, e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Aprobar o presente expediente de modificación de crédito mediante a modalidade de xeración de créditos (expediente número 7-2020), introducándose nos estados de gastos e ingresos, as seguintes modificacións, con imputación aos

códigos de proxecto que máis abaixo se sinalan, creando, de ser o caso, as aplicacións orzamentarias indicadas:

✓ Xeración de crédito: 50.000,00 €.

ESTADO DE INGRESOS: Compromisos firmes de aportación da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral (S1511001H)

Concepto	Código proxecto	Denominación	Importe
45050	192410003	Transf.Ctés. cumpr. Conv. C.A. Emprego e Desen	50.000,00 €

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base os compromisos firmes de aportacións anteriores.

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Denominación	Importe
24100.12001	192410003	Soldos grupo A2	19.309,05 €
24100.13100	192410003	Complemento de destino	36.895,00 €
24100.16000	192410003	Seguridade social	13.105,00 €
		TOTAL	50.000,00 €

Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo cal deberase introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados deste expediente.

Cúmprase.